

28 de xaneiro de 2011

Curso 2010/2011 nº 11

boletin@edu.xunta.es




IES Miguel Ángel González Estévez (Carril - Vilagarcía de Arousa)



[Acceso](#)



[Acceso](#)



[Acceso](#)




[Acceso](#)

## *Actividade “A Competencia en comunicación lingüística”*

Os días 1 e 2 de abril celebrábase no CIFP Politécnico de Santiago a actividade “A competencia en comunicación lingüística. Un proxecto de centro II”. Dirixida ao profesorado de áreas non lingüísticas, ten

como obxectivo principal dar a coñecer ferramentas, técnicas e materiais útiles para traballar a competencia en comunicación lingüística nas áreas non lingüísticas.

[Acceso](#)



## *Premios ao esforzo e á superación persoal na ESO*

Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se publica a concesión dos premios de educación secundaria obri-

gatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2009-2010, convocados pola Orde do

4 de outubro de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 11 de outubro).

[Acceso](#)

## *Premios extraordinarios ao rendemento académico na ESO*

Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educa-

ción secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010, convocados

pola Orde do 4 de outubro de 2010.

[Acceso](#)

## *Premio Nacional eTwinning 2011 para o IES San Clemente*

O IES San Clemente de Santiago de Compostela ven de gañar un dos 10 premios Nacionais eTwinning 2011 cun traballo titulado *Pek, the traveller flea*.

Dos proxectos gañadores tívose en conta o seu carácter innovador, o seu uso das TIC, a súa integración no plan de estudos, a súa continuidade e transferibili-

dade e, por suposto, a súa colaboración con outros centros escolares europeos.

[Acceso](#)



### *Premio Europeo Carlomagno da Xuventude 2011*

Este premio concederáse a europeos e sirvan de modelo Internet ou artísticos que presenten unha dimensión europea. Para o alumnado entre 16 e 30 anos, o prazo de inscrición remata o 14 de febreiro de 2011.

[Acceso](#)



### *Concurso Euroscola 2011*

Poden participar equipos, formados por 10 alumnos de entre 15 e 18 anos xunto cun profesor responsable que será o líder. Poden inscribirse varios equipos por centro escolar, pero só un equipo por centro poderá optar ao premio final, en base á maior puntuación acumulada. A inscrición poderázse realizar na páxina web do concurso do 1 de xaneiro ao 1 de marzo de 2011, ambos inclusive.

[Acceso](#)

### *Resolución da Convocatoria de Clubs de Lectura 2010-2011*

Resolta a convocatoria pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de Lectura en centros públicos que acollen ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial para o curso 2010/2011.


[Acceso](#)



### *Información da cultura de Paz desde as bibliotecas escolares*

O 30 de xaneiro celébrase o Día Escolar pola Paz e a rede de bibliotecas escolares de Galicia ofrece unha serie de materiais didácticos a dispor de toda a comunidade escolar galega.

[Acceso](#)



### *Exposición de banda deseñada "Cartas de Amor"*

A exposición de banda deseñada "Cartas de Amor" consta de 13 ilustracións, unha carta e un plotter introdutorio, e pretende establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas. Ofreceráse aos IES que o soliciten ao enderezo web [igualdade@xunta.es](mailto:igualdade@xunta.es) ou ao teléfono 981957699 a posibilidade de exhibir a mostra durante 20 días.

[Acceso](#)

### *Curso de atención e apoio a persoas con discapacidade auditiva e ás súas familias*


Esta acción formativa organizada pola Confederación española de familias de persoas xordas ([FIAPAS](#)) vai dirixido a todos os profesionais implicados no apoio e atención a este colectivo.

[Acceso](#)

### *Convenio de colaboración entre a Consellería e a Casa do Patrón*

Ven de firmarse un convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación etnográfica de Codeseda (Lalín) para a difusión e utilización dos espazos do museo etnográfico "Casa do Patrón" por parte da comunidade escolar de Galicia.

[Acceso](#)



*Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.*

*Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)*

## Webs temáticos



## Publicacións

### Lexislación

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[Lexislación de Bacharelato](#)

### Infantil

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[¿E por que? Prevención de accidentes infantís](#)

[Medrando sans. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[Medrando sans: de bocado en bocado de xogo en xogo. Experiencias de aula](#)

[Medrando sans: de sentimento en sentimento de emoción en emoción](#)

[Portfolio Europeo das linguas](#)

### Inmigrantes

[Guía do sistema educativo galego \(10 idiomas\)](#)

[Guía de comunicación básica \(10 idiomas\)](#)

[Diccionario visual interactivo](#)

[Sinalización das dependencias nos centros educativos en varios idiomas](#)

[Documentos de uso habitual nos centros](#)

### Inglés

[O inglés en infantil: unha porta ao pluri-lingüismo](#)

[Diccionario Visual Interactivo de Inglés](#)

[Lolokarolo](#)

### Convivencia

[Plan de Convivencia](#)

### Diversidade

[Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Alumnado con discapacidade visual](#)

[Alumnado con trastornos de aprendizaxe](#)

[A atención educativa hospitalaria e domiciliaria en Galicia](#)

### Saudiña

[Saudiña 15](#)

[Números anteriores Saudiña](#)

### Metodoloxía

[O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria](#)